

ORDENANZA Nº 12

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS ESPECIAIS POR ESPECTÁCULOS E TRANSPORTES

ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación dos seguintes servizos especiais, de competencia municipal:

- a. Vixilancia, protección, ordenación e regulación do tráfico, estacionamento de vehículos e calquera outros que sexan motivados pola celebración de espectáculos, entretemento, e en xeral actos públicos que, pola súa natureza, pola aglomeración de público que os mesmos provoquen ou polas necesidades de ordena-lo acceso e saída de público e vehículos así o esixan.
- b. Condución, vixilancia e acompañamento de transportes pesados, grandes transportes e caravanas a través do casco urbano.
- c. Os servizos técnicos e administrativos relativos á concesión da autorización para a realización de transporte escolar de carácter urbano, coa finalidade de obter as máximas condicións de seguridade.
- d. Calquera outros servizos especiais que sexan motivados por outras actividades que esixan a súa prestación. A estes efectos, entenderanse prestados, a instancia de parte, os referidos servizos cando estes fosen provocados polo particular ou redunden no seu beneficio, aínda que non mediase solicitude expresa.

ARTIGO 2.- SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria que sexan:

- a. Titulares, empresarios ou organizadores, no seu caso, dos espectáculos, entretemento ou actos públicos que motiven ou obriguen a este Concello a prestar os servizos especiais sinalados no artigo anterior.
- b. Titulares da empresa dos servizos de transporte e, de non estar os vehículos afectos a unha actividade empresarial, os propietarios dos mesmos.
- c. Peticionarios dos demais servizos especiais e causantes e beneficiarios dos mesmos, aínda que non os soliciten.

ARTIGO 3.- RESPONSABLES.

Nesta materia será de aplicación o artigo 24 da Ordenanza Fiscal Xeral.

ARTIGO 4.- EXENCIONES.

Están exentos do pagamento da Taxa os servizos prestados para actos públicos e transportes feitos polo Estado, a Comunidade Autónoma e a Provincia.

ARTIGO 5.- COTA.

1. Nas prestacións de servizos sinaladas no epígrafe a), b) e d) do apartado 1 do artigo 1:

€/hora ou fracción

Por cada persoa afecta ao servizo:.....12,95 €

Por cada vehículo afecto ao servizo:.....25,25 €

2. Nas prestacións de servizos sinaladas no epígrafe c) do apartado 1 do artigo 1:

Por cada vehículo e ano ou fracción:.....23,40 €

ARTIGO 6.- DEVENGO.

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a prestación dos servizos, entendendo a estes efectos que a devandita iniciación se produce coa solicitude dos mesmos que será obrigatoria nos supostos a) b) e c) do artigo 1.

No suposto da concesión da autorización para realizar o transporte escolar, a taxa devengarase cando se outorgue a devandita autorización.

ARTIGO 7.- DECLARACIÓN-LIQUIDACIÓN.

1. Os suxeitos pasivos que se propoñan celebrar espectáculos públicos ou os que motiven a prestación de servizos regulados nesta ordenanza, realizarán o ingreso da correspondente taxa na Recadación Municipal polo procedemento de autoliquidación. Os interesados deberán proveerse do correspondente impreso normalizado nas dependencias da Policía Municipal ou no Rexistro Xeral do Concello.

2. O Servizo da Policía Municipal, sen prexuízo da posterior comprobación pola Admón. de Tributos, visará na marxe as autoliquidacións as que se refire o artigo 7.1 desta ordenanza previamente a que o solicitante realice o ingreso na Recadación.

3. No impreso multicopia de autoliquidación constará previamente a solicitude do servizo ou servizos do que se trate. Das cinco follas autocopiables, unha entregaráselle ao interesado como constancia da súa recepción, unha segunda quedará na caixa municipal como xustificante de pagamento, outra serviralle o Servizo da Policía Municipal para a súa tramitación, e as dúas restantes remitiranse á Admón. de Tributos e á Intervención de Fondos

4. Para os servizos solicitados fora do horario da Caixa Municipal, o Xefe da Oficina da Policía recadará o importe das autoliquidacións que se produzan, e será obriga de dita oficina o ingreso na Recadación Municipal das cantidades percibidas xunto coas follas autocopiables que lles correspondan no inmediato día seguinte hábil.

ARTIGO 8.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNES.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto na Ordenanza Fiscal do Concello.

DISPOSICIÓNS FINAIS.

1ª No non previsto na presente Ordenanza, serán de aplicación as disposicións contidas na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2ª Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

PUBLICACIÓNS B.O.P.:	30 DE DECEMBRO DE 1991
	30 DE DECEMBRO DE 1996
	30 DE DECEMBRO DE 1999
	27 DE DECEMBRO DE 2000
	30 DE NOVIEMBRE DE 2001
	26 DE DECEMBRO DE 2002
	30 DE DECEMBRO DE 2003
	29 DE NOVIEMBRE DE 2004
	7 DE DECEMBRO DE 2005
	30 DE DECEMBRO DE 2006
	10 DE DECEMBRO DE 2007
	10 DE DECEMBRO DE 2008
	14 DE DECEMBRO DE 2010
	22 DE NOVIEMBRE DE 2011

21 DE DECEMBRO DE 2012

7 DE DECEMBRO DE 2017

12 DE NOVEMBRO DE 2019